

REGULAMENTO INTERNO DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

1. Disposicións Xerais

1.1 Por Resolución do 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, faise público o convenio de colaboración asinado o 3 de xullo de 2006 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a renovación do Convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e dos estatutos do citado consorcio.

1.2 No punto 1.2 dos Estatutos establece-se que “O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten carácter voluntario e indefinido, sendo unha entidade de dereito público (...), así mesmo, no punto 1.3 sinalase que “O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten personalidade xurídica propia e pode realizar actos administrativos, disposicións de bens, celebración de contratos, e en xeral, calquera outro acto para cumprir, de acordo coa lexislación vixente, os obxectivos establecidos nestes Estatutos”

1.3 No artigo 16.2 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario cítase textualmente “corresponde ós órganos reitores dos organismos autónomos e demais entes públicos con personalidade xurídica propia a administración dos recursos específicos que lles correspondan para o cumprimento dos seus fins”.

1.4 No punto 5 dos Estatutos, relativo ó réxime xurídico establécese que “o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia rexeráse polos presentes estatutos, os regulamentos que o desenvolvan e, de maneira supletoria(...)

1.5 No punto 2.1.4 apartado g), sinalase como unha das atribucións do Consello de Goberno do Consorcio a aprobación dos regulamentos do Consorcio de



Bibliotecas Universitarias de Galicia, a proposta da Comisión Técnica, segundo se desprende do punto 2.2.3 dos devanditos Estatutos.

1.6 O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia é unha entidade sen fin de lucro.

2. *Funcionamento Interno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia*

En materia de persoal, o consorcio rexerese polo Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

O persoal contratado por acumulación de tarefas gozará dos días que lle correspondan por asuntos propios segundo o tempo traballado, pero non gozará de vacacións, que serán compensadas economicamente

O persoal contratado ao abeiro da subvención da D.X. de Promoción do Emprego para a contratación de traballadores desempregados, gozará de vacacións, pero non terá días por asuntos propios.

2.1 Atribución de funcións

As funcións do persoal que prestará servizo no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia quedarán delimitadas do seguinte xeito:

- **Director/a Técnico/a:** as mencionadas no punto 2.3.2 dos Estatutos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
- **Resto do persoal:** as mencionadas na RPT, publicada no DOG nº 108, do 6 de xuño de 2007.

2.2 Delegación de Funcións

A través do presente Regulamento e para facilitar e optimizar o funcionamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias o Consello de Goberno delega na figura do/a director/a-técnico/a as seguintes funcións:

Realizar contratacións de obras, bens e servizos, como se indica no apartado 2.3.2 j) dos Estatutos, sempre e cando non implique un compromiso de



gasto superior a 30.000 €, para aqueles compromisos de gasto superiores a 30.000 €, será preciso a autorización do presidente.

- Xestionar e autorizar os gastos de caixa para cubrir as necesidades de tesourería do Consorcio, para o que se cubrirán follas resume de control e liquidación mensuais. Cífrase a cantidade máxima para os pagos en metálico en 300 €.
- Solicitar en nome e representación do Consorcio de Bibliotecas aquelas subvencións ou axudas das distintas entidades públicas destinadas a sufragar investimentos ou gastos correntes ás que o Consorcio poida acollerse
- Asumir as funcións de Interventor na celebración das Mesas de Contratación que se celebren no Consorcio

2.3 Creación dun Rexistro

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia disporá dun Rexistro de entrada e saída de correspondencia no que se rexistrarán tanto os documentos recibidos como os enviados, debendo conservar copia dos mesmos, así como cubrir o correspondente libro-rexistro. O responsable deste rexistro será o/a director/a-técnico/a, podendo delegar a súa xestión entre o persoal ó seu servizo

2.4 Horario laboral

O horario laboral para o persoal do Consorcio será de 8:15 h a 15:00 h de luns a venres, e unha tarde á semana en horario de tarde de 16:30 h a 20:15 h. Deste xeito, o centro permanecerá aberto de 8:15 h a 15:00 h e de 16:30 h a 20:15 h de luns a xoves e de 8:15 h a 15:00 h os venres.

2.5 Xestión de tesourería

2.5.1 Contas bancarias

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia disporá de contas bancarias diferenciadas:

- Unha utilizarase para depositar as fianzas en metálico que poidan aportar os adxudicatarios de contratacións públicas en concepto de garantías definitivas.
- As demais (ata un número máximo de 3) utilizaranse para recibir as achegas dos socios e realizar os pagos ós provedores. O/a director/a-técnico/a terá capacidade para xestionar os pagamentos e ingresos destas contas de acordo co orzamento, tal e como se desprende do punto 2.32 i) dos Estatutos,

2.5.2 Modalidades de pago

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia realizará por norma xeral os pagos necesarios a través de transferencias bancarias, poderán estenderse cheques con cargo ás contas bancarias do Consorcio coa autorización expresa do/a director/a-técnico/a, sempre e cando non implique un compromiso de gasto superior a 30.000 €, para aqueles compromisos de gasto superiores a 30.000 €, será preciso a autorización do presidente.

Debido as relacións con provedores, estranxeiros autorízase o pago mediante tarxeta de crédito VISA do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, naqueles casos nos que o provedor esixa pagos en moeda estranxeira.

2.5.3 Caixa fixa

En función das necesidades operativas, e co obxecto de atender gastos periódicos ou repetitivos constitúrase unha caixa fixa baixo a supervisión do/a director/a do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

Así mesmo, cifrase en 300 € a cantidade máxima para realizar pagos en metálico, que deberán quedar rexistrados nas follas de control de caixa, que terán unha periodicidade mensual.

2.6 Procedementos de contratación

2.6.1 Contratos menores

Para este tipo de procedemento de contratación, estarase ó disposto no artigo 95 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público. O/a director/a-técnico/a realizará a fiscalización limitada previa necesaria para este tipo de procedemento. Para aqueles expedientes que por razón de contía, se eximan anualmente de fiscalización limitada previa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, chegará coa aprobación das facturas relativas ó gasto realizado e unha por parte do/a director/a-técnico/a do Consorcio.

2.6.2 Concursos públicos

Tanto para procedementos abertos, restrinxidos como negociados sen publicidade de contratación pública, seguiranse os trámites establecidos na Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

No que respecta a constitución da Mesa de Contratación nos procedementos abertos ou restrinxidos o Consello de Goberno acorda, por medio deste regulamento, a súa composición da seguinte forma:

- 1 Presidente: Actuará como presidente da Mesa de Contratación o presidente do Consorcio
- 1 Secretario: Nomeado entre o persoal que presta servizo ó Consorcio
- 4 vocais; entre os que se encontrará un membro da Asesoría Xurídica das Institucións implicadas no Consorcio e o/a director/a-técnico/a que actuará como Interventor.

Nos procedementos negociados sen publicidade non se constituirá Mesa de Contratación, xa que a constitución da mesma é potestativa.

3. Modificación, interpretación e desenvolvemento do presente Regulamento

O Consello de goberno, a proposta da Comisión técnica poderá modificar o presente Regulamento, así como realizar as interpretacións oportunas en caso de



que fose necesario. Aqueles aspectos, relativos ó funcionamento interno do Consorcio que non aparezan recollidos ou que non estean suficientemente claros neste documento, poderán integrarse en Regulamentos de desenvolvemento do presente texto.

Este regulamento foi aprobado en reunión do Consello de Goberno do "Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia" de data 24 de novembro de 2008

